

PROMETHEUS: PLATAFORMA IIOT PARA A FABRICACIÓN SEGURA E SOSTIBLE EN AMBIENTES DISTRIBUÍDOS

RELATOR: EDNON, SIXTEMA, GRUPO GPF E GRADIENT

DATA: 26/02/2021

CAL É O PROGRAMA?

- Presentación de aliados tecnolóxicos
- Presentación das vantaxes e obxectivos do proxecto:
 - Aplicación de tecnoloxías Big Data e IIoT na industria
 - Eficiencia enerxética
 - Detección de intrusionas e seguridade
- Presentación de resultados do proxecto e DEMO
- Quenda de preguntas

QUEN O IMPARTE?

Ednon

EDNON é unha empresa TIC con máis de 15 anos de experiencia na integración de coñecementos e servizos avanzados en sistemas, comunicacións e ciberseguridade. A súa misión é propoñer solucións TIC de valor adaptadas ás necesidades dos clientes, con base na especialización do seu persoal e o traballo continuo cos seus aliados fabricantes de tecnoloxía.

Sixtema

SIXTEMA é unha empresa TIC que presta os seus servizos dentro do sector das tecnoloxías da información, cuxo obxectivo é dar asesoramento e desenvolver novas ferramentas no campo da mobilidade e os sistemas de información xeográficos, baseándose na especialización do seu equipo técnico nestes sistemas, en business intelligence e en desenvolvementos a medida.

Grupo GPF

O Grupo Plásticos Ferro está formado por un conxunto de compañías dedicadas ao deseño, á fabricación e á distribución de produtos e sistemas baseados en materiais plásticos, sendo líder na península ibérica e quinto en Europa na fabricación e a comercialización de tubeiras e accesorios plásticos.

Gradient

Gradient, centro tecnolóxico de telecomunicacións de Galicia, é unha fundación privada cuxo principal obxectivo é contribuír ao dinamismo innovador, o crecemento e a mellora competitiva

CANDO E ONDE?

26 de febreiro de 2021
10.00 a 11.00 h

Só por streaming

INSCRIPCIÓN

Streaming: cdtic.xunta.gal

PARA QUEN?

Dirixida a desenvolvedores, analistas, arquitectos TIC, administradores de sistemas, CIO e, en xeral, ao sector TIC relacionado ou non co sector industrial.

POR QUE?

Prometheus é un proxecto innovador, desenvolvido nos anos 2018-2020, que ten como obxectivos:

- Mellorar a monitorización e a comunicación dos centros de fabricación
- Optimizar o control enerxético dos procesos produtivos
- Mellorar a seguridade dos centros de fabricación

Está baseado en tecnoloxías big data con analítica avanzada con base en machine learning e deep learning, sobre unha plataforma de IIoT industrial securizada con ferramentas que permitan a detección precoz de eventos anómalos nunha das fábricas e na interconexión entre as distintas localizacións do grupo.

Organizan: